

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

15596 *Lei 13/2012, do 26 de decembro, de loita contra o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

A estabilidade orzamentaria e as reformas estruturais son os dous grandes piares da política económica do Goberno. Unha política que, como se vén lembrando nas normas máis recentes adoptadas polo Consello de Ministros, ten un obxectivo ineludible: impulsar o crecemento e a creación de emprego da economía española para garantir o benestar dos cidadáns, crearlles oportunidades aos emprendedores e ofrecer unha perspectiva de futuro máis próspera, xusta e solidaria.

Desde o inicio da lexislatura, a política do Goberno en materia de emprego, seguridade social e migracións está a responder a obxectivos identificados con claridade:

En primeiro lugar, levar a cabo unha profunda modernización da lexislación laboral ao servizo da creación de emprego e que aposte por unha maior estabilidade e unha maior flexibilidade interna nas empresas. Unha reforma estrutural do noso marco laboral que se materializou mediante a Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

En segundo lugar, a necesaria sustentabilidade do sistema da Seguridade Social e o aseguramento e o mantemento das prestacións por desemprego, como piares fundamentais do noso Estado de benestar.

En terceiro lugar, a opción decidida por unha inmigración legal, ordenada, responsable e vinculada ao emprego.

En cuarto lugar, a consecución dunha maior eficacia e eficiencia na xestión pública e facer máis e mellores políticas laborais e de emprego, sociais e migratorias, cuns orzamentos necesariamente máis austeros.

Tendo presentes estes obxectivos, esta lei inclúe un amplo conxunto de medidas de loita contra o emprego irregular e a fraude na Seguridade Social.

II

A aprobación polo Consello de Ministros do 27 de abril de 2012 dun plan de loita contra o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social para o período 2012-2013 débese entender como o complemento natural e necesario dos citados obxectivos e da Lei de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal.

O mantemento das políticas sociais propias do Estado de benestar, que constitúe outro dos grandes obxectivos do Goberno, exige mellorar a eficacia e a eficiencia na xestión dos ingresos e os gastos públicos e, por extensión, que todos aqueles que teñen

dereitos que lles recoñece o ordenamento xurídico cumbran leal e rigorosamente as súas obrigas, tamén no ámbito sociolaboral.

Nun contexto de obrigada estabilidade orzamentaria e de sustentabilidade financeira das administracións públicas, resulta evidente que se deben intensificar as actuacións tendentes a afrontar determinadas condutas, profundamente inxustas e insolidarias, que xeran a redución dos ingresos nos recursos económicos do sistema da Seguridade Social, a deterioración dos dereitos dos traballadores e unha indesexable competencia desleal con respecto ás empresas, aos emprendedores e aos traballadores autónomos cumpridores das súas obrigas legais. As situacións de economía e de emprego irregulares son sempre reprobables e deben ser obxecto dunha permanente persecución por parte dos poderes públicos, que deben reforzar os instrumentos de control nunha conxuntura como a actual. Esas condutas e esas situacións atentan contra o principio de solidariedade entre todos os españois e deben ser combatidas con todos os instrumentos dispoñibles, de maneira que o Estado de dereito se poña ao servizo e supoña a máis firme garantía do noso Estado social.

Como resaltou a Comisión Europea, o emprego somerxido é un «suposto extremo de segmentación do mercado de traballo», pois aboca os traballadores a unha espiral continua de perda dos seus dereitos —ao impedir a súa promoción persoal e profesional, entre eles o dereito á formación e á recualificación— e, por outra parte, xera un dano importante para os sistemas de seguridade social, tanto por cotas non ingresadas coma polo pagamento indebido de prestacións.

Son estas as razóns que explican a aprobación dun plan de loita contra o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social para o período 2012-2013. O dito plan recolle, por un lado, medidas organizativas desde o punto de vista administrativo e, por outro, a adopción de medidas normativas, como a aprobación desta lei e a correspondente lei orgánica pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, que introducen as reformas necesarias do marco legal vixente. O plan ten os seguintes obxectivos:

1.º Impulsar o afloramento do emprego irregular, cun efecto regularizador das condicións de traballo e de xeración de recursos económicos ao sistema da Seguridade Social polo pagamento de cotizacións sociais.

2.º Corrixir a obtención e o desfrute en fraude de lei das prestacións por desemprego, particularmente naqueles supostos en que se constitúen empresas ficticias para poder acceder a aquelas ou onde se compatibiliza de xeito irregular a súa percepción co traballo por conta allea ou por conta propia.

3.º Aflorar posibles situacións fraudulentas, principalmente en casos de falta de alta na Seguridade Social de traballadores que efectivamente prestan servizos nas empresas, no acceso e na percepción doutras prestacións do sistema da Seguridade Social.

4.º Combater os supostos de aplicación indebida de bonificacións ou reducións de cotizacións empresariais á Seguridade Social.

Para contribuír á consecución de tales obxectivos, a presente lei introduce modificacións nas normas legais vixentes en materia de loita contra o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social. Un marco normativo que quedou obsoleto en determinados aspectos e que necesita desde hai tempo definir en termos máis adecuados á realidade actual a existencia de responsabilidades penais, administrativas e laborais, o réxime de infraccións e sancións na orde social e as actuacións e os procedementos desenvolvidos pola Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Sen prexuízo de que deba existir unha actuación decidida de todas as administracións públicas e do conxunto da sociedade para corrixir estas condutas e situacións irregulares e fraudulentas, as actuacións da Inspección de Traballo e Seguridade Social, particularmente na súa vertente de inspección en materia de seguridade social e da economía irregular, constitúen un instrumento fundamental para a consecución dos obxectivos sinalados anteriormente.

En liña coas máis recentes recomendacións da Unión Europea, de conformidade cos convenios internacionais da Organización Internacional do Traballo e co actual marco legal derivado da Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da inspección de traballo e seguridade social, e polo seu profundo coñecemento da realidade do noso tecido empresarial e do noso mercado de traballo, a Inspección de Traballo e Seguridade Social debe prestar hoxe con máis intensidade o servizo público que lle corresponde no exercicio da vixilancia do cumprimento das normas de orde social e na exixencia das responsabilidades pertinentes.

Un Estado social e democrático de dereito avanzado como é España supón solidariedade e firmeza a un tempo. Solidariedade ante determinadas continxencias como o desemprego ou a xubilación e con aquelas persoas que atravesan situacións de necesidade social. Firmeza cos que non cumpren as obrigas definidas legalmente e que afectan tan negativamente a convivencia social. Solidariedade e firmeza constitúen a mellor forma de preservar plenamente os dereitos laborais e sociais recoñecidos na nosa Constitución e nas leis e que constitúen a esencia do noso Estado do benestar. Dereitos laborais e sociais cuxa preservación constitúe o obxecto principal desta lei.

III

A Lei estrutúrase en cinco artigos, onde se inclúe a modificación de diferentes normas vixentes para posibilitar a detección dos supostos de emprego irregular e fraude á Seguridade Social, así como a súa sanción e corrección.

O artigo primeiro inclúe a modificación do artigo 42 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, coa finalidade de posibilitar a exixencia de responsabilidades solidarias nos supostos de subcontratación empresarial, mediante a ampliación do período da dita exixencia, que pasa dun a tres anos, dado que a actual regulación dificulta moito a súa efectividade.

O artigo segundo inclúe unha modificación do número 4 do artigo 31 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño. Detectáronse situacións nas cales, unha vez practicadas actas de liquidación de escasa contía que foron atendidas polo suxeito responsable, o seu aboamento supuxo unha rebaixa importante na contía da sanción. En aplicación do principio de proporcionalidade consagrado no artigo 131.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en virtude do cal o establecemento de sancións pecuniarias deberá prever que a comisión das infraccións tipificadas non resulte máis beneficioso para o infractor que o cumprimento das normas infrinxidas, procédese a reformar o artigo 31.4 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

Este artigo segundo inclúe tamén unha obriga empresarial no artigo 230 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, dirixida á comunicación á entidade xestora da prestación de desemprego, con carácter previo á súa produción, daquelas variacións no calendario inicialmente previsto, en supostos de suspensión de contratos de traballo, ou ben do seu detalle horario nos casos de redución de xornada.

Ademais, modifícase a disposición adicional trixésimo primeira do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, no seu primeiro punto, substituíndo a referencia realizada ao número 15 pola do número 9 do artigo 51 do Estatuto dos traballadores, relativo á obriga de subscripción de convenio especial para os supostos de expedientes de regulación de emprego de empresas non incursas en procedemento concursal pois, logo da entrada en vigor do Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, é nese punto onde queda regulada a obriga de subscribir tal convenio especial.

As modificacións da Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da inspección de traballo e seguridade social, que se inclúen no artigo terceiro, diríxense a facilitar as actuacións da Inspección de Traballo e Seguridade Social en canto ao acceso aos instrumentos e ás bases de datos de tanta utilidade como o índice unificado do notariado e a aumentar o prazo de duración das actuacións comprobatorias previas ao

procedemento sancionador ou liquidatorio. Todo isto realízase coa finalidade de que a Inspección de Traballo e Seguridade Social, sen mingua dos dereitos dos cidadáns, poida levar a cabo mellor os seus labores, obtendo resultados de maior calidade e eficacia, e sen prexuízo do establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Prevé, ademais, que para o exercicio da actuación inspectora non será de aplicación a obriga prevista no número 4 do artigo 5 da dita lei orgánica.

Neste sentido, introdúcese un novo punto no artigo 9 da Lei 42/1997, do 14 de novembro, en que se regula a obriga de as mutualidades de previsión social colaboraren coa Inspección de Traballo e Seguridade Social, respecto ás funcións alternativas que realizan ao réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

Inclúese unha nova disposición adicional oitava na Lei 42/1997, do 14 de novembro, en materia de notificacións por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

O artigo cuarto inclúe as modificacións no texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

A dita lei require unha adaptación á terminoloxía utilizada na Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, e á normativa comunitaria e internacional, para referirse ás persoas que sofren algún tipo de discapacidade; neste sentido, substitúese o termo minusválido polo de persoa con discapacidade no artigo 15.3 da citada lei.

Este tipo infractor, por outra banda, relativo ao incumprimento da obriga legal de reserva de postos de traballo para persoas con discapacidade ou da aplicación das súas medidas alternativas de carácter excepcional, recibe un tratamento específico en relación coa gradación na nova redacción do artigo 39.2 do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Outra adaptación que resulta necesaria ten que ver coas condutas discriminatorias no acceso ao emprego, en que se debe eliminar do tipo infractor calquera referencia que permita interpretar que se prohiben as discriminacións favorables para o acceso ao emprego; accións estas que na actualidade recolle e ampara o noso ordenamento xurídico. Neste sentido, elimínanse do número 2 do artigo 16 as cualificacións de favorables ou adversas a estes comportamentos.

A Lei de infraccións e sancións na orde social require, igualmente, de certos axustes que permitan adecuar determinados tipos infractores en materia de seguridade social que inciden no control da fraude á Seguridade Social ás modificacións normativas operadas, así como perfeccionar os mecanismos de sancións accesorias.

Neste sentido, modifícase o número 4 do artigo 21 do dito texto legal, tipificando de forma explícita a comunicación fóra de prazo polo empresarios ás entidades correspondentes dos datos, certificados e declaracións que estean obrigados a proporcionar.

Ademais, dáse nova redacción ao número 5 do artigo 21 da citada lei, incluíndo como infracción leve a non comunicación de calquera cambio nos documentos de asociación ou de adhesión para a cobertura de continxencias comúns e non só profesionais.

Xunto con iso, substitúese, no número 3 do artigo 22 da mencionada norma, o concepto de «situación extraordinaria da empresa» por unha relación dos supostos que se consideran incluídos nos ditos termos, en prol do principio de seguridade xurídica, establecendo que a falta de ingreso de cotas debe obedecer ou producirse como consecuencia de declaración concursal, supostos de forza maior ou solicitudes de aprazamento presentadas con carácter previo ao inicio da actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social, salvo que se ditase resolución denegatoria.

Incorpórase no número 6 do artigo 22 unha nova referencia á transmisión polos obrigados ou acollidos á utilización de sistemas por medios informáticos, electrónicos ou telemáticos, do certificado de empresa, para adaptar o tipo infractor á nova realidade e á obriga imposta aos empresarios que teñan 10 ou máis traballadores de proceder, de

forma obrigatoria, a remitir por medio da aplicación Certific@2 as comunicacións relativas aos certificados de empresa a partir do 1 de xullo de 2010.

Suprímese o número 9 do artigo 22 do dito texto legal, que tipificaba o incumprimento da obriga do pagamento delegado das prestacións, por entender que este non é senón unha modalidade de colaboración obrigatoria, infracción xa prevista no artigo 22.4 da lei.

Por outra parte, procédese á modificación do anterior artigo 22.10 (na nova redacción 22.9), así como do 23.1.f), para incluír, como supostos obxecto de sanción, os incumprimentos relacionados coas empresas beneficiarias de reducións nas cotizacións profesionais que se distinguan pola súa contribución á redución da sinistralidade laboral e á realización de actuacións efectivas en prevención de riscos laborais, tal e como se dispón no Real decreto 404/2010, do 31 de marzo, polo que se regula o establecemento dun sistema de redución das cotizacións por contingencias profesionais ás empresas que contribúsen especialmente á diminución e prevención da sinistralidade laboral.

No novo número 11 do artigo 22 esténdese o deber de comprobación, por parte daqueles empresarios que contratan ou subcontratan obras ou servizos correspondentes á súa propia actividade ou que se prestan de forma continuada nos seus centros de traballo, da afiliación previa e alta na Seguridade Social dos traballadores ocupados, non só ao seu inicio senón durante a execución da contrata ou subcontrata.

Tipifícase como infracción grave no artigo 22 o incumprimento da obriga de alta e cotización nos supostos de salarios de tramitación, así como de vacacións non desfrutadas con anterioridade á finalización da relación laboral.

Así mesmo, introdúcese unha nova infracción grave no artigo 22 co fin de tipificar, naqueles supostos de suspensión ou redución de xornada por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, o incumprimento da obriga de lle comunicar á entidade xestora as variacións sobre o calendario inicial dos días de suspensión ou de redución de xornada. No mesmo sentido, establécese como infracción moi grave, no artigo 23.1.j), a ocupación dos traballadores afectados no período de aplicación das medidas de suspensión dos contratos ou no horario de redución das xornadas autorizadas.

Ademais, engádese un novo número 14 ao artigo 22 para tipificar como infracción grave a conduta consistente en darlles ocupación despois de comunicar a alta na Seguridade Social a traballadores, solicitantes ou beneficiarios de prestacións periódicas ou pensións da Seguridade Social, cuxo gozo é incompatible co traballo por conta allea.

Modifícase o artigo 23.1.b) para diferenciar e tipificar por separado dúas condutas: a primeira, consistente en non ingresar as cotas correspondentes que por todos os conceptos recada a Tesouraría Xeral da Seguridade Social no prazo e na forma regulamentarios sen presentación de documentos de cotización, que se mantén tipificada nesta alínea, e, a segunda, consistente en reter indebidamente a cota obreira e non ingresala dentro do prazo, que pasa a recollese na nova alínea k); para que, aínda no caso de que se presentasen os documentos de cotización, e sempre que non estea xustificado o seu non ingreso por atoparse nalgunha das situacións definidas no artigo 23.3, sexa obxecto dunha sanción específica, que se concreta no artigo 40, cuxa contía dependerá do importe da cota retida non ingresada.

Así mesmo, revísase o tipo infractor previsto no artigo 23.1.i), introducido pola Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, que consistía no incumprimento da obriga de subscribir o convenio especial nos supostos establecidos no artigo 51.15 do Estatuto dos traballadores para os supostos de expedientes de regulación de emprego de empresas non incursas en procedemento concursal, xa que ese punto foi suprimido polo Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral; a dita obriga recóllese no actual artigo 51.9 do Estatuto dos traballadores.

Incorpóranse nos artigos 23.2 e 26.2, xunto cos beneficiarios de pensións, prestacións ou subsidios, os seus solicitantes, co fin de adecuar a súa redacción ao xa previsto no 23.1.a) do mesmo texto legal.

Nos supostos de fraude por falta de cotización á Seguridade Social, modifícase o número 2 do artigo 39, engadindo un novo parágrafo dirixido a determinar criterios obxectivos de gradación das sancións en función da contía non ingresada e establecendo un maior rigor cando as cantidades sexan máis altas.

Modifícase a alínea e) do número 1 do artigo 40 co obxectivo de actuar con maior dureza naquelas situacións de economía irregular e fraude que afecten un grupo de traballadores, incrementándose as contías das sancións de xeito proporcional ao número de afectados respecto dos cales se cometese a infracción, quer por falta de afiliación ou alta na Seguridade Social, quer por tratarse de solicitantes ou beneficiarios de prestacións incompatibles co traballo por conta allea.

Ademais, modifícase o número 3 do artigo 40 coa mesma finalidade que inspira a nova redacción do artigo 31.4 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, isto é, garantir a aplicación do principio de proporcionalidade das sancións.

Así mesmo, introdúcese modificacións nos artigos 46 e 46 bis dirixidas a establecer o criterio de aplicación da perda automática, e de forma proporcional ao número de traballadores afectados pola infracción, das axudas, bonificacións e beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego e para que este conste necesariamente na acta de infracción de forma motivada.

Pola súa banda, no artigo 47.1 do texto legal, e con relación ás sancións aos traballadores, solicitantes e beneficiarios en materia de emprego e seguridade social correspondentes a infraccións leves e moi graves, inclúese unha referencia ao termo «prestacións» co fin de non se limitar única e exclusivamente ás pensións, en concordancia co xa recollido en relación coas infraccións graves no mesmo precepto.

Adáptase o número 1 do artigo 48, relativo á atribución de competencias para a resolución dos ditos procedementos sancionadores, ás variacións introducidas pola Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, que modificou o sistema de determinación do importe das sancións en materia de seguridade social, de tal xeito que se emende o baleiro legal existente respecto da autoridade competente para impoñer sancións de contía superior a 187.515 euros.

Finalmente, o artigo quinto modifica, pola súa vez, o artigo 5 do Real decreto lei 5/2011, do 29 de abril, de medidas para a regularización e o control do emprego somerxido e o fomento da rehabilitación de vivendas, por coherencia normativa co tipo infractor establecido no artigo 22.11 do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Dentro das disposicións da parte final da lei, cómpre destacar a modificación do Regulamento hipotecario en materia de anotacións preventivas de embargos de bens inmoables inscritos a nome de cidadáns estranxeiros casados cuxo réxime económico matrimonial estea sometido á lexislación estranxeira e non conste. Coa citada modificación preténdese determinar o nivel de responsabilidade de cada un dos cónxuxes polas débedas perseguidas, garantindo a práctica das anotacións de embargos no ámbito dos procedementos administrativos de constrinximento dos recursos do sistema da Seguridade Social e, por extensión, de calquera procedemento administrativo de xestión recadatoria en que a Administración pública actúe en virtude de autotutela administrativa, evitando que os nacionais estranxeiros cuxo réxime matrimonial estea sometido á lexislación estranxeira se convertan inxustificadamente en suxeitos de mellor condición que os nacionais españois.

Por outra parte, o Goberno comprométese a crear unha unidade especial de colaboración e apoio aos xulgados e tribunais e á Fiscalía Xeral do Estado para a loita contra o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social, para avaliar anualmente a eficacia e eficiencia de todas as medidas, plans e instrumentos postos en marcha para o control e a loita contra o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social; así como establecer regulamentariamente un procedemento de consulta telemática no ámbito do sistema de remisión electrónica de datos, para lles facilitar aos empresarios principais a información correspondente ao cumprimento das obrigas de seguridade social dos contratistas e subcontratistas.

Débese lembrar, como norma complementaria desta lei, a aprobación dunha lei orgánica pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, para reforzar a loita fronte aos delitos contra a Seguridade Social e contra os dereitos dos traballadores.

Artigo primeiro. *Modificación do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.*

O número 2 do artigo 42 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, queda redactado da seguinte forma:

«2. O empresario principal, salvo o transcurso do prazo antes sinalado respecto á Seguridade Social, e durante os tres anos seguintes á finalización da súa encarga, responderá solidariamente das obrigas referidas á Seguridade Social contraídas polos contratistas e subcontratistas durante o período de vixencia da contrata.

Das obrigas de natureza salarial contraídas polos contratistas e subcontratistas cos seus traballadores responderá solidariamente durante o ano seguinte á finalización da encarga.

Non haberá responsabilidade polos actos do contratista cando a actividade contratada se refira exclusivamente á construción ou reparación que poida contratar un cabeza de familia respecto da súa vivenda, así como cando o propietario da obra ou industria non contrate a súa realización por razón dunha actividade empresarial.»

Artigo segundo. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.*

O texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, queda modificado como segue:

Un. O número 4 do artigo 31 queda redactado do seguinte xeito:

«4. As actas de liquidación e as de infracción que se refiran aos mesmos feitos practicaraas simultaneamente a Inspección de Traballo e Seguridade Social. A competencia e o procedemento para a súa resolución son os sinalados no número 2 deste artigo.

As sancións por infraccións propostas nas ditas actas de infracción reduciranse automaticamente ao 50 por 100 da súa contía se o infractor dese a súa conformidade á liquidación practicada ingresando o seu importe no prazo sinalado no número 3. Esta redución automática só se poderá aplicar no suposto de que a contía da liquidación supere a da sanción proposta inicialmente.»

Dous. Engádesse unha nova alínea h) ao artigo 230, coa seguinte redacción:

«h) Comunicar, con carácter previo a que se produzan, as variacións realizadas no calendario ou no horario inicialmente previsto para cada un dos traballadores afectados, nos supostos de aplicación de medidas de suspensión de contratos ou de redución de xornada previstas no artigo 47 do Estatuto dos traballadores.»

Tres. Modifícase o número 1 da disposición adicional trixésimo primeira, que queda redactado como segue:

«1. No convenio especial a que se refire o artigo 51.9 do Estatuto dos traballadores, as cotizacións abranguerán o período comprendido entre a data en que se produza o cesamento no traballo ou, de ser o caso, en que cese a obriga de

cotizar por extinción da prestación por desemprego contributivo, e a data en que o traballador cumpra a idade a que se refire a alínea a) do número 1 do artigo 161, nos termos establecidos nos números seguintes.»

Artigo terceiro. *Modificación da Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da inspección de traballo e seguridade social.*

A Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da inspección de traballo e seguridade social, queda modificada como segue:

Un. Engádesse un último parágrafo no número 3.3 do artigo 5 da Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da inspección de traballo e seguridade social, coa seguinte redacción:

«3.3 Examinar no centro de traballo a documentación e os libros da empresa con transcendencia na verificación do cumprimento da lexislación da orde social, tales como: libros, rexistros, incluídos os programas informáticos e arquivos en soporte magnético, declaracións oficiais e contabilidade; documentos de inscrición, afiliación, alta, baixa, xustificantes do aboamento de cotas ou prestacións da Seguridade Social; documentos xustificativos de retribucións; documentos exixidos na normativa de prevención de riscos laborais e calquera outro relacionado coas materias suxeitas á inspección. O inspector está facultado para requirir a presentación da dita documentación nas oficinas públicas correspondentes.

Cando os libros, rexistros, documentos ou información que o obrigado deba conservar en relación co cumprimento das obrigas, propias ou de terceiros, establecidas nas normas da orde social, así como calquera outro dato, informe, antecedente ou xustificante con transcendencia para a función inspectora, se conserven en soporte electrónico, deberanse subministrar no dito soporte e en formato tratable, lexible e compatible cos de uso xeneralizado no momento en que se realice a actuación inspectora, cando así for requirido.»

Dous. O artigo 9 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 9. *Auxilio e colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social.*

1. As autoridades, calquera que sexa a súa natureza, os titulares dos órganos da Administración xeral do Estado, das administracións das comunidades autónomas e das entidades locais; os organismos autónomos e as entidades públicas empresariais; as cámaras e corporacións, colexios e asociacións profesionais; as demais entidades públicas e os que, en xeral, exerzan funcións públicas estarán obrigados a lle subministrar á Inspección de Traballo e Seguridade Social os datos, informes e antecedentes con transcendencia no ámbito das súas competencias, así como a lle prestar a colaboración que lles sexa solicitada para o exercicio da función inspectora.

2. O Consello Xeral do Notariado subministraralle á Inspección de Traballo e Seguridade Social, de forma telemática, a información contida no índice único informatizado regulado no artigo 17 da Lei do notariado que teña transcendencia no exercicio da función inspectora.

3. A Administración tributaria cederá os seus datos e antecedentes á Inspección de Traballo e Seguridade Social nos termos establecidos na alínea c) do número 1 do artigo 95 da Lei xeral tributaria. Así mesmo, as entidades xestoras e colaboradoras e os servizos comúns da Seguridade Social prestaranlle a súa colaboración á Inspección de Traballo e Seguridade Social, facilitándolle, cando lle sexan solicitados, as informacións, os antecedentes e os datos con relevancia no exercicio da función inspectora, mesmo os de carácter persoal obxecto de tratamento automatizado sen necesidade de consentimento do afectado. As

inspeccións Tributaria e de Traballo e Seguridade Social establecerán programas de mutua correspondencia e de coordinación para o cumprimento dos seus fins.

4. As mutualidades de previsión social deberán colaborar e subministrarlle á Inspección de Traballo e Seguridade Social os datos e informes que resulten necesarios para o desenvolvemento adecuado da actividade da inspección, no relativo á súa condición de entidade alternativa ao réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

5. As obrigas de auxilio e colaboración establecidas nos números anteriores só terán as limitacións legalmente establecidas referentes á intimidade da persoa, ao segredo da correspondencia, ou das informacións subministradas ás administracións públicas con finalidade exclusivamente estatística.

6. As forzas e corpos de seguridade competentes estarán obrigados a prestarlle o seu auxilio e colaboración á Inspección de Traballo e Seguridade Social no desempeño das súas funcións, a través dos mandos designados para tal efecto pola autoridade correspondente.

7. Os xulgados e tribunais facilitaránlle á Inspección de Traballo e Seguridade Social, de oficio ou por petición desta, os datos de transcendencia para a función inspectora que se desprendan das actuacións en que coñezan e que non resulten afectados polo segredo sumarial.

8. As comunicacións de datos de carácter persoal á Inspección de Traballo e Seguridade Social a que se refire este artigo non precisarán o consentimento do interesado nin requirirán a información prevista no número 4 do artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os datos transmitidos unicamente se empregarán para o exercicio das competencias legalmente atribuídas á Inspección de Traballo e Seguridade Social.»

Tres. O número 2 do artigo 14 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Cando, iniciada a visita de inspección, non for posible a súa prosecución e finalización por non achegarlle o suxeito á Inspección os antecedentes ou documentos solicitados, a actuación proseguirá en virtude de requirimento para a súa achega na forma indicada no número anterior. As actuacións comprobatorias non se dilatarán por un espazo de máis de nove meses salvo que a dilación sexa imputable ao suxeito á inspección ou ás persoas dependentes deste. Non obstante, poderase ampliar, co alcance e cos requisitos establecidos regulamentariamente, por outro período que non excederá os nove meses, cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Cando as actividades de inspección revistan especial dificultade e complexidade. Enténdese que se produce atendendo ao volume de operacións da persoa ou da entidade, pola dispersión xeográfica das súas actividades e naqueloutros supostos que indique unha norma regulamentaria.

b) Cando no transcurso delas se descubra que o suxeito inspeccionado obstruíu ou lle ocultou ao órgano inspector algunha das súas actividades ou das persoas que as desempeñen.

c) Cando a actuación inspectora requira de cooperación administrativa internacional.

Así mesmo, non se poderán interromper por máis de cinco meses, salvo que a interrupción sexa causada polo suxeito inspeccionado ou por persoas dependentes del. As comprobacións efectuadas nunha actuación inspectora terán o carácter de antecedente para as sucesivas.

Para o cómputo dos prazos sinalados neste artigo, en ningún caso se considerará incluído o tempo transcorrido durante o prazo concedido ao suxeito obrigado nos supostos de se formularen requirimentos de emenda de incumprimentos previos por parte do órgano inspector.»

Catro. Engádesse unha nova disposición adicional oitava, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional oitava. *Taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social.*

1. Nos supostos previstos no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cando non se puidese practicar a notificación dos actos administrativos, nos casos en que sexa competente para iso a Inspección de Traballo e Seguridade Social, a dita notificación farase, exclusivamente, por medio de anuncio no taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

As comunidades autónomas en que se produce o traspaso de funcións e servizos en materia de función pública inspectora poderán efectuar a publicación dos actos administrativos cuxa notificación lles corresponda a través dos seus propios taboleiros de edictos.

Unha vez transcorrido o período de vinte días naturais desde que a notificación se publicase no taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social, entenderase que esta foi practicada, dando por cumprido este trámite e continuando co procedemento, ou iniciando, se for o caso, o prazo para interpor o recurso que proceda.

2. A práctica da notificación no taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social efectuarase nos termos que determine unha orde do titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

3. O funcionamento, a xestión e a publicación no taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social farase co pleno sometemento ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e conforme os requisitos exixidos pola Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.»

Artigo cuarto. *Modificación do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.*

O texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, queda modificado como segue:

Un. O número 3 do artigo 15 queda redactado do seguinte modo:

«3. O incumprimento en materia de integración laboral de persoas con discapacidade da obriga legal de reserva de postos de traballo para persoas con discapacidade, ou da aplicación das súas medidas alternativas de carácter excepcional.»

Dous. O número 2 do artigo 16 queda redactado do seguinte xeito:

«2. Solicitar datos de carácter persoal nos procesos de selección ou establecer condicións, mediante a publicidade, difusión ou por calquera outro medio, que constitúan discriminacións para o acceso ao emprego por motivos de sexo, orixe, incluída a racial ou étnica, idade, estado civil, discapacidade, relixión ou conviccións, opinión política, orientación sexual, afiliación sindical, condición social e lingua dentro do Estado.»

Tres. O números 4 e 5 do artigo 21 quedan redactados do seguinte modo:

«4. Non facilitarlles ou comunicarlles fóra de prazo ás entidades correspondentes os datos, as certificacións e as declaracións que estean obrigados a proporcionar, ou omitilos ou consignalos inexactamente.

5. Non comunicarlle á entidade correspondente calquera cambio nos documentos de asociación ou de adhesión para a cobertura das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais ou, de ser o caso, para as continxencias comúns.»

Catro. O artigo 22 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 22. *Infraccións graves.*

Considéranse infraccións graves as seguintes:

1. Iniciar a súa actividade sen ter solicitado a súa inscrición na Seguridade Social; non comunicar a apertura e o cesamento de actividade dos centros de traballo para os efectos da súa identificación; e as variacións de datos ou outras obrigas establecidas regulamentariamente en materia de inscrición de empresas e identificación de centros de traballo ou a súa non transmisión polos obrigados ou acollidos á utilización de sistemas de presentación por medios informáticos, electrónicos ou telemáticos.

2. Non solicitar a afiliación inicial ou a alta dos traballadores que ingresen ao seu servizo, ou solicitar esta, como consecuencia de actuación inspectora, fóra do prazo establecido. Para estes efectos considerárase unha infracción por cada un dos traballadores afectados.

3. Non ingresar, na forma e nos prazos regulamentarios, as cotas correspondentes que por todos os conceptos recada a Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou non efectuar o ingreso na contía debida, tendo presentados os documentos de cotización, sempre que a falta de ingreso non obedezca a unha declaración concursal da empresa nin a un suposto de forza maior, nin se solicitase adiamento para o pagamento das cotas con carácter previo ao inicio da actuación inspectora, salvo que se ditase resolución denegatoria.

4. Incumprir as obrigas económicas derivadas da súa colaboración obrigatoria na xestión da Seguridade Social.

5. Formalizar a protección por accidentes de traballo e enfermidades profesionais e, se é o caso, da incapacidade temporal do persoal ao seu servizo, así como os traballadores autónomos a protección por cesamento de actividade en entidade distinta da que legalmente corresponda.

6. Non lle entregar ao traballador en tempo e forma cantos documentos sexan precisos para a solicitude e tramitación de calquera prestación, incluído o certificado de empresa, ou a non transmisión do dito certificado, no caso de suxeitos obrigados ou acollidos á utilización de sistemas de presentación por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, conforme o procedemento establecido.

7. Non solicitar os traballadores por conta propia, en tempo e forma, a súa afiliación inicial ou alta no correspondente réxime especial da Seguridade Social cando a omisión xere non pagamento da cotización que corresponda.

8. Non aboarles ás entidades correspondentes as prestacións satisfeitas por estas aos traballadores cando a empresa for declarada responsable da obriga.

9. Obter ou gozar indebidamente de calquera tipo de reducións, bonificacións ou incentivos en relación co importe das cotas sociais que corresponda, entendendo producida unha infracción por cada traballador afectado, salvo que se trate de bonificacións de formación profesional para o emprego e reducións das cotizacións por continxencias profesionais ás empresas que contribuísen especialmente á diminución e prevención da sinistralidade laboral, en que se entenderá producida unha infracción por empresa.

10. A solicitude de afiliación ou da alta dos traballadores que ingresen ao seu servizo fóra do prazo establecido para o efecto, cando non medie actuación inspectora, ou a súa non transmisión por parte dos obrigados ou acollidos á utilización de sistemas de presentación por medios informáticos, electrónicos ou telemáticos.

11. A non comprobación por parte dos empresarios que contraten ou subcontraten con outros a realización de obras ou servizos correspondentes á propia actividade daqueles ou que se presten de forma continuada nos seus centros de traballo, con carácter previo ao inicio da prestación da actividade contratada ou subcontratada, a afiliación ou a alta na Seguridade Social de cada un dos traballadores que estes ocupen neles durante o período de execución da contrata ou subcontrata; considerarase unha infracción por cada un dos traballadores afectados.

12. Non proceder dentro do prazo regulamentario á alta e á cotización polos salarios de tramitación e polas vacacións devindicadas e non desfrutadas antes da extinción da relación laboral. Para estes efectos, considerarase unha infracción por cada un dos traballadores afectados.

13. O incumprimento da obriga de comunicarlle á entidade xestora da prestación por desemprego, con antelación a que se produzan, as variacións que se orixinen sobre o calendario inicialmente disposto en relación coa concreción e individualización por traballador dos días de suspensión ou redución de xornada, así como, neste último caso, o horario de traballo afectado pola redución.

14. Darlles ocupación, despois de comunicar a alta na Seguridade Social, a traballadores, solicitantes ou beneficiarios de pensións ou outras prestacións periódicas da Seguridade Social cuxo gozo sexa incompatible co traballo por conta allea.»

Cinco. O artigo 23 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 23. *Infraccións moi graves.*

1. Son infraccións moi graves:

a) Darlles ocupación como traballadores a beneficiarios ou solicitantes de pensións ou outras prestacións periódicas da Seguridade Social cuxo gozo sexa incompatible co traballo por conta allea, cando non se dean de alta na Seguridade Social con carácter previo ao inicio da súa actividade.

b) Non ingresar, no prazo e nas formas regulamentarias, as cotas correspondentes que por todos os conceptos recada a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, sen ter presentado os documentos de cotización nin utilizar os sistemas de presentación por medios informáticos, electrónicos ou telemáticos.

c) O falseamento de documentos para que os traballadores obteñan ou gocen fraudulentamente de prestacións, así como a conivencia cos seus traballadores ou cos demais beneficiarios para a obtención de prestacións indebidas ou superiores ás que procedan en cada caso, ou para eludir o cumprimento das obrigas que a calquera deles lle corresponda en materia de prestacións.

d) Pactar cos seus traballadores de forma individual ou colectiva a obriga por parte deles de pagar total ou parcialmente a prima ou parte de cotas a cargo do empresario, ou ben a súa renuncia aos dereitos que lles confire o sistema da Seguridade Social.

e) Incrementar indebidamente a base de cotización do traballador de forma que provoque un aumento nas prestacións que procedan, así como a simulación da contratación laboral para a obtención indebida de prestacións.

f) Efectuar declaracións ou consignar datos falsos ou inexactos nos documentos de cotización, ou en calquera outro documento, que ocasionen deducións ou compensacións fraudulentas nas cotas que cómpre satisfacer á Seguridade Social, ou incentivos relacionados con estas.

g) Non facilitarlle ao organismo público correspondente, en tempo e forma, os datos identificativos de titulares de prestacións sociais económicas, así como, en canto determinen ou condicionen o dereito a percibilas, os dos beneficiarios,

cónxuxes e outros membros da unidade familiar, ou os dos seus importes, a clase das prestacións e a data de efectos da súa concesión.

h) O falseamento de documentos para a obtención ou gozo fraudulento de bonificacións en materia de formación continua.

i) Incumprir a obriga de subscribir o convenio especial nos supostos establecidos no artigo 51.9 do Estatuto dos traballadores.

j) Darlles ocupación aos traballadores afectados pola suspensión de contratos ou redución de xornada, no período de aplicación das medidas de suspensión de contratos ou no horario de redución de xornada comunicado á autoridade laboral ou á entidade xestora das prestacións por desemprego, se é o caso.

k) Reter indebidamente, non ingresándoa dentro de prazo, a parte de cota de Seguridade Social descontada aos seus traballadores ou efectuar descontos superiores aos legalmente establecidos, non ingresándoos no prazo regulamentario.

2. No suposto de infraccións moi graves, entenderase que o empresario incorre nunha infracción por cada un dos traballadores que solicitasen, obtivesen ou gocen fraudulentamente das prestacións da Seguridade Social.

Nas infraccións sinaladas nas alíneas a), c) e e) do número anterior o empresario responderá solidariamente da devolución das cantidades indebidamente percibidas polo traballador.

Os empresarios que contraten ou subcontraten a realización de obras ou servizos correspondentes á propia actividade responderán solidariamente das infraccións a que se refire o número 1.a) anterior, cometidas polo empresario contratista ou subcontratista durante todo o período de vixencia da contrata.

3. As infraccións deste artigo, ademais de ás sancións que correspondan por aplicación do capítulo VI, darán lugar ás sancións accesorias previstas no artigo 46 desta lei.»

Seis. Modifícase o número 2 do artigo 26, que queda redactado do seguinte xeito:

«2. Compatibilizar a solicitude ou a percepción de prestacións ou subsidio por desemprego, así como a prestación por cesamento de actividade dos traballadores autónomos, co traballo por conta propia ou allea, salvo no caso do traballo a tempo parcial nos termos previstos na normativa correspondente.»

Sete. Introdúcese un segundo parágrafo no número 2 do artigo 39, que queda redactado do seguinte modo:

«2. Unha vez cualificadas as infraccións, na forma disposta por esta lei, as sancións graduaranse en atención á negligencia e intencionalidade do suxeito infractor, á fraude ou conivencia, ao incumprimento das advertencias previas e dos requirimentos da Inspección, á cifra de negocios da empresa, ao número de traballadores ou de beneficiarios afectados, de ser o caso, ao prexuízo causado e á cantidade defraudada, como circunstancias que poidan agravar ou atenuar a gradación que se vai aplicar á infracción cometida.

Sen prexuízo do anterior, cando se trate de infraccións tipificadas nos artigos 22.3 e 23.1.b), a sanción imporase en grao mínimo cando a contía non ingresada, incluíndo recargas e xuros, non supere os 10.000 euros; no seu grao medio cando a dita contía estea comprendida entre 10.001 e 25.000 euros e no seu grao máximo cando sexa superior aos 25.000 euros.

Malia o previsto no artigo 41 desta lei, no suposto da infracción tipificada no artigo 15.3, a sanción imporase no seu grao máximo cando, nos dous anos anteriores á data da comisión da infracción, o suxeito responsable xa tivese sido sancionado en firme por incumprimento da obriga legal de reserva de postos de traballo para persoas con discapacidade ou da aplicación das súas medidas alternativas de carácter excepcional.»

Oito. Engádese un último parágrafo no número 1.d) e 1.e) e modifícase o número 3 do artigo 40, que quedan redactados do seguinte modo:

«1.d) As infraccións sinaladas nos artigos 22.3, 23.1.b) e 23.1.k) sancionaranse:

1. A infracción grave do artigo 22.3 sancionárase coa multa seguinte: no seu grao mínimo, con multa do 50 ao 65% do importe das cotas de Seguridade Social e demais conceptos de recadación conxunta non ingresados, incluíndo recargas, xuros e custas; no seu grao medio, con multa do 65,01 ao 80%; e no seu grao máximo, con multa do 80,01 ao 100%.

2. A infracción moi grave do artigo 23.1.b) sancionárase coa multa seguinte: no seu grao mínimo, con multa do 100,01 ao 115% do importe das cotas de Seguridade Social e demais conceptos de recadación conxunta non ingresados, incluíndo recargas, xuros e custas; no seu grao medio, con multa do 115,01 ao 130%; e no seu grao máximo, con multa do 130,01 ao 150%.

3. A infracción moi grave do artigo 23.1.k) sancionárase coa multa seguinte: no seu grao mínimo, con multa do 100,01 ao 115% do importe das cotas de Seguridade Social non ingresadas e descontadas aos traballadores ou do exceso do desconto previsto legalmente, incluíndo recargas, xuros e custas; no seu grao medio, con multa do 115,01 ao 130%; e no seu grao máximo, con multa do 130,01 ao 150%.

1.e) As infraccións sinaladas nos artigos 22.2 e 23.1.a) sancionaranse:

1. A infracción grave do artigo 22.2 sancionárase coa multa seguinte: no seu grao mínimo, de 3.126 a 6.250 euros; no seu grao medio, de 6.251 a 8.000 euros, e no seu grao máximo, de 8.001 a 10.000 euros.

2. A infracción moi grave do artigo 23.1.a) sancionárase coa multa seguinte: no seu grao mínimo, de 10.001 a 25.000 euros; no seu grao medio, de 25.001 a 100.005 euros, e no seu grao máximo, de 100.006 a 187.515 euros.

Non obstante, cando con ocasión dunha mesma actuación de inspección se detecten varias infraccións das recollidas neste punto, a sanción que, de ser o caso se propoña para cada unha delas, graduada conforme os criterios contidos no artigo 39.2 que procedan, incrementárase:

- Nun 20% en cada infracción cando se trate de dous traballadores, beneficiarios ou solicitantes.
- Nun 30% en cada infracción cando se trate de tres traballadores, beneficiarios ou solicitantes.
- Nun 40% en cada infracción cando se trate de catro traballadores, beneficiarios ou solicitantes.
- Nun 50% en cada infracción cando se trate de cinco ou máis traballadores, beneficiarios ou solicitantes.

En ningún caso a contía correspondente á infracción prevista no artigo 22.2 poderá exceder os 10.000 euros, nin a prevista no artigo 23.1.a) poderá exceder os 187.515 euros para cada unha das infraccións.

3. As sancións en materia de seguridade social, cando deriven de actas de infracción e liquidación que se refiran aos mesmos feitos e se practiquen simultaneamente, reduciranse automaticamente ao 50 por 100 da súa contía se o suxeito infractor manifesta a súa conformidade coa liquidación practicada e ingresa o seu importe no prazo procedente. Esta redución automática só se poderá aplicar no suposto de que a contía da liquidación supere a da sanción proposta inicialmente.»

Nove. O artigo 46 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 46. *Sancións accesorias aos empresarios.*

1. Sen prexuízo das sancións a que se refire o artigo 40.1, e salvo o establecido no artigo 46 bis desta lei, os empresarios que cometesen a infracción grave prevista no artigo 15.3 ou as infraccións moi graves tipificadas nos artigos 16 e 23 desta lei, en materia de emprego e protección por desemprego:

a) Perderán, automaticamente e de forma proporcional ao número de traballadores afectados pola infracción, as axudas, bonificacións e, en xeral, os beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, con efectos desde a data en que se cometeu a infracción.

A perda destas axudas, bonificacións e beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego afectará os de maior contía, con preferencia sobre os que a tivesen menor no momento da comisión da infracción. Este criterio debe constar necesariamente na acta de infracción, de forma motivada.

b) Poderán ser excluídos do acceso a tales beneficios por un período máximo de dous anos, con efectos desde a data da resolución que impoña a sanción.

c) Nos supostos previstos nos números 3 e 4 do artigo 16 quedan obrigados, en todo caso, á devolución das cantidades obtidas indebidamente e as non aplicadas ou aplicadas incorrectamente.

2. Cando a conduta do empresario dea lugar á aplicación do tipo previsto no artigo 22.2, con independencia do número de traballadores afectados, aplicaranse as medidas previstas nas alíneas a) e b) do número anterior, ben que o prazo de exclusión previsto na alínea b) poderá ser dun ano.

En caso de reiteración da conduta tipificada no artigo 22.2, o prazo de exclusión poderase ampliar a dous anos. Producirase a reiteración cando entre a comisión da dita infracción e a anterior non transcorran máis de 365 días. Para estes efectos, non terá a consideración de reiteración a conduta empresarial que dea lugar a unha pluralidade de infraccións por afectar simultaneamente máis dun traballador.

3. Como criterios de gradación aplicaranse os contidos no artigo 39.2 desta lei.»

Dez. O artigo 46 bis queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 46 bis. *Responsabilidades empresariais específicas.*

1. Os empresarios que cometesen as infraccións moi graves tipificadas nos números 12, 13 e 13 bis) do artigo 8 e no número 2 do artigo 16 desta lei serán sancionados, sen prexuízo do establecido no número 1 do artigo 40, coas seguintes sancións accesorias:

a) Perderán, automaticamente, e de forma proporcional ao número de traballadores afectados pola infracción, as axudas, bonificacións e, en xeral, os beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, con efectos desde a data en que se cometeu a infracción.

A perda destas axudas, bonificacións e beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego afectará os de maior contía, con preferencia sobre os que a tivesen menor no momento da comisión da infracción. Este criterio debe constar necesariamente na acta de infracción de forma motivada.

b) Poderán ser excluídos do acceso a tales beneficios por un período de seis meses a dous anos nos supostos recollidos no punto anterior, con efectos desde a data da resolución que impoña a sanción.

2. Malia o anterior, no caso das infraccións moi graves tipificadas no número 12 do artigo 8 e no número 2 do artigo 16 desta lei, referidas aos supostos

de discriminación directa ou indirecta por razón de sexo, as sancións accesorias a que se refire o número anterior poderán ser substituídas pola elaboración e aplicación dun plan de igualdade na empresa, e sempre que a empresa non estea obrigada á elaboración do dito plan en virtude de norma legal, regulamentaria ou convencional, ou decisión administrativa, se así o determina a autoridade laboral competente logo de solicitude da empresa e do informe preceptivo da Inspección de Traballo e Seguridade Social, nos termos que se establezan regulamentariamente, e o prazo de prescrición das ditas sancións accesorias suspenderase.

No suposto de que non se elabore ou non se aplique o Plan de igualdade ou se faga incumprindo manifestamente os termos establecidos na resolución da autoridade laboral, esta, por proposta da Inspección de Traballo e Seguridade Social, sen prexuízo da imposición da sanción que corresponda pola comisión da infracción tipificada no número 17 do artigo 8, deixará sen efecto a substitución das sancións accesorias, que se aplicarán da seguinte forma:

a) Perda automática, e de forma proporcional ao número de traballadores afectados pola infracción, das axudas, bonificacións e beneficios a que se refire a alínea a) do número anterior, con efectos desde a data en que se cometeu a infracción.

A perda destas axudas, bonificacións e beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego afectará os de maior contía, con preferencia sobre os que a tivesen menor no momento da comisión da infracción. Este criterio debe constar necesariamente na acta de infracción de forma motivada.

b) Exclusión do acceso a tales beneficios por un período de seis meses a dous anos, contados desde a data da resolución da autoridade laboral pola que se acorda deixar sen efecto a suspensión e aplicar as sancións accesorias.

3. Como criterios de gradación aplicaranse os contidos no artigo 39.2 desta lei.»

Once. As alíneas a) e c) do número 1 do artigo 47 quedan redactadas do seguinte xeito:

«1. No caso dos solicitantes e beneficiarios de pensións ou prestacións da Seguridade Social, incluídas as de desemprego e a prestación por cesamento de actividade dos traballadores autónomos, as infraccións sancionaranse:

a) As leves, con perda de pensión ou prestación durante un mes. No caso das prestacións por desemprego de nivel contributivo ou asistencial, as infraccións leves tipificadas nos números 2 e 3 do artigo 24 sancionaranse conforme a seguinte escala:

- 1.^a infracción. Perda de 1 mes de prestacións.
- 2.^a infracción. Perda de 3 meses de prestacións.
- 3.^a infracción. Perda de 6 meses de prestacións.
- 4.^a infracción. Extinción de prestacións.

No caso da prestación por cesamento de actividade dos traballadores autónomos, a infracción leve do artigo 24.3 sancionase conforme a seguinte escala:

- 1.^a infracción. Perda de 15 días de prestación.
- 2.^a infracción. Perda de 1 mes e 15 días de prestación.
- 3.^a infracción. Perda de 3 meses de prestación.
- 4.^a infracción. Extinción da prestación.

Aplicaranse estas escalas a partir da primeira infracción e cando entre a comisión dunha infracción leve e a anterior non transcorran máis dos 365 días que establece o artigo 41.1 desta lei, con independencia do tipo de infracción.

c) As moi graves, con perda da pensión ou prestación durante un período de seis meses ou con extinción da prestación ou subsidio por desemprego, ou da prestación por cesamento de actividade do traballador autónomo.

Igualmente, poderanse excluír do dereito a percibir calquera prestación económica e, se é o caso, axuda de fomento de emprego durante un ano, así como do dereito a participar durante ese período en formación profesional para o emprego.»

Doce. O número 1 do artigo 48 queda redactado da seguinte forma:

«1. A competencia para sancionar as infraccións na orde social, no ámbito da Administración xeral do Estado, correspóndelle, por proposta da Inspección de Traballo e Seguridade Social, á autoridade competente a nivel provincial, ata 31.000 euros; ao director xeral competente, ata 62.500 euros; ao titular do ministerio competente en materia de emprego e seguridade social, ata 125.000 euros, e ao Consello de Ministros, por proposta do de Emprego e Seguridade Social, a partir de 125.001 euros.»

Artigo quinto. *Modificación do Real decreto lei 5/2011, do 29 de abril, de medidas para a regularización e o control do emprego somerxido e o fomento da rehabilitación de vivendas.*

O número 1 do artigo 5 do Real decreto lei 5/2011, do 29 de abril, de medidas para a regularización e o control do emprego somerxido e o fomento da rehabilitación de vivendas, queda redactado da seguinte forma:

«1. Sen prexuízo do previsto no artigo 42 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, os empresarios que contraten ou subcontraten con outros a realización de obras ou servizos correspondentes á propia actividade daqueles ou que se presten de forma continuada nos seus centros de traballo, deberán comprobar, con carácter previo ao inicio da prestación da actividade contratada ou subcontratada, a afiliación e alta na Seguridade Social de cada un dos traballadores que estes ocupen neles durante o período de execución da contrata ou subcontrata.

Disposición adicional única. *Avaliación das medidas de loita contra o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social.*

O Goberno, logo de consulta coas organizacións sindicais e empresariais máis representativas, e tendo en conta o previsto no Plan de loita contra o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social 2012-2013 e cantas actuacións permitan o control de condutas que infrinxan os dereitos dos traballadores, incluídas as que incorran en prácticas delituosas, procederá anualmente á avaliación da eficacia e eficiencia de todas as medidas, plans e instrumentos postos en marcha para o control e a loita contra o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social, co fin de ter un diagnóstico que permita corrixir e orientar as novas actuacións que se vaian emprender.

O Goberno, no prazo de seis meses desde o 31 de decembro de 2013, deberalle presentar os resultados desta avaliación ao Congreso dos Deputados.

Disposición transitoria primeira. *Réxime aplicable ás actuacións inspectoras.*

Tanto as actuacións de inspección coma os procedementos sancionadores iniciados con anterioridade á data de entrada en vigor desta lei rexeranse pola normativa vixente no momento do inicio de cada un deles.

Disposición transitoria segunda. *Notificacións electrónicas a través do taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social.*

O disposto no número catro do artigo 3 desta lei non será de aplicación ata que se produza a entrada en vigor da orde que desenvolva a práctica da notificación no taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Disposición derogatoria única. *Alcance da derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango contradigan ou se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións na orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio.*

O Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións na orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio, queda modificado como segue:

Un. O número 1.a) do artigo 4 queda redactado da seguinte forma:

«1. No ámbito da Administración xeral do Estado e dos organismos públicos vinculados ou dependentes dela, as infraccións serán sancionadas polos órganos aos cales normativamente se lles atribúese a competencia sancionadora. O procedemento sancionador iníciase por proposta da Inspección de Traballo e Seguridade Social ou ben, cando se trate de infraccións leves e graves de solicitantes ou beneficiarios de prestacións, como resultado dos datos ou antecedentes que consten na entidade ou no órgano xestor da prestación.

No ámbito provincial, a competencia para sancionar corresponderalles aos seguintes órganos:

a) No caso das infraccións en materia de seguridade social reguladas na sección primeira do capítulo III do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobada polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, cuxas actas non concorran con actas de liquidación, a imposición de sanción corresponderalle:

1.º Á Dirección Provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, no caso das infraccións leves sinaladas nos números 1, 2, 3, 4 e 5 do artigo 21, as graves previstas nos números 1, 2, 3, 5, 7 e 10 do artigo 22, no suposto de reducións de cotas da Seguridade Social, e as moi graves previstas nas alíneas b), d), f) e k) do artigo 23.1.

2.º Á Dirección Provincial do Instituto Nacional da Seguridade Social ou, de ser o caso, do Instituto Social da Mariña, nos supostos cualificados como infracción leve nos números 4 e 6 do artigo 21, como infracción grave nos números 4, 6, 8 e 9 do artigo 22 e como infracción moi grave nas alíneas a), c), e) e g) do artigo 23.1

Corresponderalle a imposición de sanción á Dirección Provincial do Servizo Público de Emprego Estatal ou, se é o caso, do Instituto Social da Mariña, cando a sanción afecte prestacións por desemprego, nos supostos previstos no número 4 do artigo 21, nos números 4, 6, 8 e 9 do artigo 22 e nas alíneas a), c) e) e g) do artigo 23.1.

3.º Á Dirección Provincial do Servizo Público de Emprego Estatal, no suposto previsto como infracción grave no artigo 22.10, cando se trate de bonificacións, e como infracción moi grave na alínea h) do artigo 23.1.»

Dous. O número 2 do artigo 8 queda redactado da seguinte forma:

«2. Tales actuacións comprobatorias non se dilatarán por un espazo de máis de nove meses, salvo que a dilación sexa imputable ao suxeito á inspección ou ás persoas dependentes del. Non obstante, poderase ampliar por outro período que non excederá os nove meses cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Cando as actividades de inspección revistan especial dificultade e complexidade. Enténdese que se produce atendendo ao volume de operacións do suxeito obrigado, pola dispersión xeográfica das súas actividades e naquelas outras supostos que indique unha norma regulamentaria.

b) Cando no seu transcurso se descubra que o suxeito inspeccionado obstruíu ou lle ocultou ao órgano inspector algunha das súas actividades ou das persoas que as desempeñen.

c) Cando a actuación inspectora requira de cooperación administrativa internacional.

Así mesmo, non se poderán interromper por máis de cinco meses, salvo que a interrupción sexa causada polo suxeito inspeccionado ou persoas dependentes del.

Para o cómputo dos prazos sinalados neste artigo, en ningún caso se considerará incluído o tempo transcorrido durante o prazo concedido ao suxeito obrigado nos supostos de que o órgano inspector formule requirimentos de emenda de incumprimentos previos.

De se incumpriren os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores, non se interromperá o cómputo da prescrición e decaerá a posibilidade de expedir acta de infracción ou de liquidación, como consecuencia de tales actuacións previas, sen prexuízo da eventual responsabilidade en que poidan ter incorrido os funcionarios actuantes.

Non obstante, nos supostos anteriormente citados, e sempre que non o impida a prescrición, a Inspección de Traballo e Seguridade Social poderá promover novas actuacións de comprobación referentes aos mesmos feitos e expedir, se é o caso, as actas correspondentes. As comprobacións efectuadas nas actuacións inspectoras previas caducadas terán o carácter de antecedente para as sucesivas, facendo constar formalmente tal incidencia.»

Tres. O número 2 do artigo 34 queda redactado da seguinte forma:

«2. Se o suxeito infractor dese a súa conformidade á liquidación practicada, mediante o ingreso do seu importe no prazo establecido no artigo 31.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social e, se é o caso, no sinalado no artigo 33.1, parágrafo terceiro, deste regulamento, as sancións por infracción polos mesmos feitos reduciranse automaticamente ao 50 por 100 da súa contía. Esta redución automática só se poderá aplicar no suposto de que a contía da liquidación supere a da sanción proposta inicialmente.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro.*

Modifícase o artigo 17 do Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 17. *Duración das actuacións.*

1. As actuacións comprobatorias da Inspección de Traballo e Seguridade Social a un mesmo suxeito non se poderán dilatar por un tempo superior a nove meses continuados, salvo que a dilación sexa imputable ao suxeito á inspección ou

ás persoas dependentes del. Non obstante, poderase ampliar, co alcance e requisitos que se indican *a posteriori*, por outro período que non excederá os nove meses, cando concorran as seguintes circunstancias:

- a) Cando as actividades de inspección revistan especial dificultade e complexidade. Enténdese que se produce atendendo ao volume de operacións da persoa ou da entidade ou pola dispersión xeográfica das súas actividades.
- b) Cando no seu transcurso se descubra que o suxeito inspeccionado obstruíu ou lle ocultou ao órgano inspector algunha das súas actividades ou das persoas que as desempeñen.
- c) Cando a actuación inspectora requira de cooperación administrativa internacional.

Todo isto conforme o artigo 14 da Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da inspección de traballo e seguridade social.

Para a ampliación do prazo de actuacións inspectoras, conforme o artigo 14.2.a) da Lei 42/1997, entenderanse como supostos de especial dificultade e complexidade:

- 1) Cando o volume de documentación que se ten que analizar e o número das persoas que deben ser investigadas ou entrevistadas así o requiran.
- 2) Cando se estea ante un grupo de empresas vinculadas entre si e sexa preciso realizar actuacións sobre as diversas empresas que compoñen o dito grupo ou estrutura empresarial, ou ante supostos de sucesión de empresa.
- 3) Cando se trate de feitos, actos, elementos, actividades, explotacións e outras circunstancias que se leven a cabo fóra do territorio onde radique o órgano actuante e lle exixa a este a realización de actuacións de comprobación fóra do dito ámbito territorial.
- 4) Polo incumprimento das obrigas laborais, fiscais, contables, rexistrais ou de seguridade social, ou pola desaparición ou falta dos libros ou rexistros que supoñan unha maior dificultade de comprobación e investigación.
- 5) Cando se leven a cabo actuacións e investigacións aos suxeitos responsables de obrigas laborais ou de seguridade social baseadas na súa posible intervención en redes, tramas ou actuacións tendentes á defraudación ao sistema da Seguridade Social, en prol da obtención de bonificacións, subvencións, prestacións así como da simulación da relación laboral ou da obtención fraudulenta de autorizacións de residencia de traballo de estranxeiros non comunitarios.
- 6) Cando na comprobación se constate a presenza de empresas que están vinculadas entre si e que participen na produción, execución ou distribución dun determinado ben ou servizo, tendo presente que a actuación inspectora se dirixe á comprobación das distintas fases que interveñen na produción, execución ou distribución.

Na ampliación do prazo do suposto recollido no artigo 14.2. b) da Lei 42/1997, entenderase que o suxeito inspeccionado obstruíu ou lle ocultou ao órgano inspector algunha das súas actividades ou das persoas que as desempeñan, no suposto de que non se lle declarasen á Administración laboral ou da Seguridade Social competente ou que estas sexan distintas ás declaradas por aquel.

2. No caso de que se considere que concorre algunha circunstancia que xustifique a ampliación na duración da actuación inspectora previa ao procedemento sancionador ou liquidatorio, será o director da Dirección Especial de Inspección adscrita á autoridade central, se é o caso, ou o director territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social ou o xefe da Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social, ou o equivalente naquelas comunidades autónomas que recibisen un traspaso de funcións e servizos en materia de función pública inspectora, unha vez transcorridos catro meses desde o inicio das actuacións de inspección, o que lle notificará ao suxeito obxecto de inspección e lle outorgará un

prazo de quince días desde a notificación da apertura do dito prazo, para que efectúe, se o xulga pertinente, as alegacións oportunas. Logo disto, notificaráselle ao suxeito investigado o sentido da resolución e non caberá recurso ningún contra o dito acto, todo iso sen prexuízo das alegacións e dos recursos que se poidan efectuar posteriormente, tanto en vía administrativa como xurisdiccional, no caso de que se iniciase procedemento sancionador ou liquidatorio.

Na notificación indícarase o período de tempo polo cal se amplía o prazo, que non poderá exceder os nove meses, e deberase motivar adecuadamente a razón para a autorización desa ampliación do prazo.

3. Para o cómputo do prazo de nove meses ou dezoito meses a que se refire o número anterior aplicaranse as regras seguintes:

a) Cando a actuación se inicie mediante visita a centro ou lugar de traballo, o cómputo iniciarase a partir da data da primeira visita efectuada, segundo dilixencia expedida no libro de visitas.

b) Se a actuación comeza por requirimento de comparecencia, o cómputo iniciarase desde a data da comparecencia efectiva do suxeito obrigado requirido coa presentación, se é o caso, da totalidade da documentación requirida, con transcendencia na actuación inspectora, circunstancia que se sinalará no libro de visitas.

c) Se, iniciada a visita de inspección a un centro ou lugar de traballo, non for posible concluír a comprobación pola falta de presentación dos antecedentes necesarios, ou pola ausencia ou negativa a declarar de persoa afectada polas comprobacións, o funcionario actuante poderá requirir na forma disposta na alínea b) do número 1 do artigo 15 deste regulamento, en cuxo caso o cómputo se iniciará desde o momento da comparecencia nas condicións sinaladas no parágrafo anterior.

4. As actuacións comprobatorias seguidas a un mesmo suxeito, unha vez iniciadas, non se poderán interromper por tempo superior a cinco meses, salvo que a interrupción sexa causada polo suxeito inspeccionado ou por persoas dependentes del.

5. Para o cómputo dos prazos sinalados neste artigo, en ningún caso se considerará incluído o tempo transcorrido durante o prazo concedido ao suxeito obrigado nos supostos de que o órgano inspector formule requirimentos de emenda de incumprimentos previos.

6. Con independencia da súa duración e modalidades aplicadas, as comprobacións sobre o suxeito inspeccionado correspondentes a unha actuación inspectora consignaranse mediante dilixencia no libro de visitas, cuxa copia constará nos arquivos da Inspección, e terán o carácter de antecedente para sucesivas actuacións que se lle realicen ao mesmo suxeito.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.*

Introdúcese un novo número 4 no artigo 20 do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, que queda redactado do seguinte xeito:

«4. Cando, polos mesmos procedementos e canles previstos nos números primeiro e segundo, a Tesouraría Xeral tivese coñecemento da inscrición de empresas carentes de actividade e que non reúnen os requisitos para estar inscritas no correspondente réxime de Seguridade Social, procederá de oficio a deixar sen efecto a inscrición efectuada, sen prexuízo das actuacións procedentes de cara ao inicio das actuacións sancionadoras ou penais, se foren procedentes.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Regulamento hipotecario, aprobado polo Decreto do 14 de febreiro de 1947.*

Engádesse un novo número 6 no artigo 144 do Regulamento hipotecario, aprobado polo Decreto do 14 de febreiro de 1947, coa seguinte redacción:

«6. Cando se trate de bens inscritos conforme o artigo 92 deste regulamento, a favor de adquirente ou adquirentes casados sometidos á lexislación estranxeira, con suxeición ao seu réxime matrimonial, se indicase ou non o dito réxime, o embargo será anotable sobre o ben ou a súa participación indivisa inscrita en tal modo, sempre que conste que a demanda ou o constrinximento foron dirixidos contra os dous cónxuxes, ou que, estando demandado ou constrinxido un dos cónxuxes, o embargo lle foi notificado ao outro.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.*

Con efectos desde o 15 de xullo de 2012, modifícase a disposición transitoria sexta do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, que queda redactada como segue:

«Disposición transitoria sexta. *Supresión do dereito á aplicación de bonificacións.*

1.a) Queda suprimido o dereito das empresas á aplicación de bonificacións por contratación, mantemento do emprego ou fomento do autoemprego, nas cotas á Seguridade Social e, se é o caso, cotas de recadación conxunta, que se estean a aplicar no momento da entrada en vigor deste real decreto lei en virtude de calquera norma, en vigor ou derogada, en que tivesen sido establecidas.

b) O disposto no parágrafo anterior será de aplicación ás bonificacións nas cotas devindicadas a partir do mes seguinte ao da entrada en vigor deste real decreto lei.

2. Non será de aplicación o previsto no número 1 ás bonificacións recollidas nas seguintes disposicións:

a) Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

b) Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

c) Os números 2, 3, 4, 4 bis, 5 e 6 do artigo 2 da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego.

d) Real decreto lei 18/2011, do 18 de novembro, polo que se regulan as bonificacións de cotas á Seguridade Social dos contratos de traballo subscritos con persoas con discapacidade pola Organización Nacional de Cegos Españoles (ONCE) e se establecen as medidas de Seguridade Social para as persoas traballadoras afectadas pola crise da bacteria E. Coli.

e) Artigo 21.3 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

f) Real decreto lei 11/1998, do 4 de setembro, polo que se regulan as bonificacións de cotas á Seguridade Social dos contratos de interinidade que se subscriban con persoas desempregadas para substituír traballadores durante os períodos de descanso por maternidade, adopción e acollemento.

g) Disposición adicional novena da Lei 45/2002, do 12 de decembro, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade.

h) Disposición adicional trixésimo quinta do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

i) Disposición adicional décimo primeira da Lei 45/2002, do 12 de decembro, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade.

j) A disposición adicional segunda da Lei 12/2001, do 9 de xullo, de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade.

k) Artigo 9 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

l) A disposición adicional trixésima do Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

m) Artigo 16.3.a) da Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación das empresas de inserción.

n) Artigo 7.1 do Real decreto 1451/1983, do 11 de maio, polo que, en cumprimento do previsto na Lei 13/1982, do 7 de abril, se regulan o emprego selectivo e as medidas de fomento do emprego dos traballadores minusválidos.

ñ) A alínea d) do número tres.2 da disposición adicional sexta da Lei 10/1994, do 19 de maio, sobre medidas urxentes de fomento da ocupación.

o) Artigo 4.B).1 da Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, do 16 de outubro de 1998, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das axudas e subvencións públicas destinadas ao fomento da integración laboral dos minusválidos en centros especiais de emprego e traballo autónomo.

p) Artigo 12.1.b) do Real decreto 290/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan os enclaves laborais como medida de fomento do emprego das persoas con discapacidade.

q) Os números 2, 3 e 4 do artigo 2 do Real decreto lei 5/2006, do 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego.»

Disposición derradeira sexta. *Colaboración para a loita contra o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social.*

O Goberno, no prazo de 6 meses desde a entrada en vigor desta lei, creará, no seo da Dirección Xeral da Inspección de Traballo e Seguridade Social do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, unha unidade especial de colaboración e apoio aos xulgados e tribunais e á Fiscalía Xeral do Estado para a loita contra o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social, que dependerá orgánica e funcionalmente da autoridade central da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Disposición derradeira sétima. *Consulta telemática sobre cumprimento de obrigas coa Seguridade Social.*

O Goberno establecerá regulamentariamente un procedemento de consulta telemática no ámbito do sistema de remisión electrónica de datos, para facilitarlles aos empresarios principais a información correspondente ao cumprimento das obrigas de seguridade social dos contratistas e subcontratistas.

Disposición derradeira oitava. *Facultades de desenvolvemento.*

1. Autorízanse o Goberno e o titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social para ditaren as disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento e a execución do establecido nesta lei.

2. As determinacións incluídas en normas regulamentarias que son obxecto de modificación por esta lei poderán ser modificadas no futuro por normas do rango regulamentario correspondente á norma en que figuran.

Disposición derradeira novena. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo o previsto no artigo 23.1.i) do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, e na disposición adicional trixésimo primeira do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, na redacción dada polo número cinco do artigo 4 e o número tres do artigo 2 desta lei, que entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2013.

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 26 de decembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY